

CONTAMINACIÓN

Podemos chamar contaminación ó aumento ou aparición de sustancias na atmosfera que poden ser perigosas para a nosa saúde, como producir danos nas plantas e animais.

As principais sustancias contaminantes da atmosfera son os gases, (monóxido e dióxido de carbono, hidrocarburos, etc.), os residuos desprendidos polas fábricas, lixo, etc. Por outra parte, na década de 1980 descubriuse que os CFC (clorofluorocarbonos, como lacas, insecticidas) están producindo unha diminución na capa de ozono do noso planeta..

A concentración destes contaminantes redúcese cando estes se dispersan na atmosfera e este proceso depende de factores climatolóxicos como a temperatura e a velocidade do vento.

Efectos da

contaminación na saúde

Un período de tan só tres días de escasa mestura atmosférica pode levar a concentracións elevadas de produtos perigosos en áreas de alta contaminación e nestes casos extremos poden chegar a xurdir enfermidades e incluso a morte. Un dos casos no que ocorreu isto foi nunha inversión térmica na India, que causou 16.000 mortes e 500.000 afectados. Os efectos da exposición a longo prazo das baixas concentracións de contaminantes non están ben definidos; non obstante, os gru-

pos de risco son os nenos, anciáns, os que están en contacto con produtos tóxicos e quen padece algunha enfermidade pulmonar ou cardíaca.

Fontes e control

Un 80% do monóxido de carbono e un 40% dos óxidos de nitróxeno e hidrocarburos procede da combustión de gasolina e gasóleo nos motores dos coches e camións. Outras importantes fontes de contaminación son a siderurxia, as fábricas de ácido nítrico, as refinerías de petróleo, etc. Os gases contaminantes poden almacenarse en líquidos ou sólidos.

Efectos a gran escala

O dióxido de carbono produce o quecemento global e tamén o dióxido de xofre é unha das causas polas que se produce a chuvia ácida.

O consumo de carbón e petróleo desde finais de 1940 levou a concentracións cada vez maiores de dióxido de carbono. O efecto invernadoiro resultante que permite a entrada da enerxía solar, pero reduce a reemisión de raios ó espazo exterior, xera unha tendencia ao quecemento que poderá afectar ó clima global e levar ó desxeo parcial dos casquetes polares.



Outros dos factores que axudan á contaminación son as chemineas de industrias que non reducen a cantidade de contaminantes senón que os emiten a maior altura, reducindo así a súa concentración no mesmo lugar e así os contaminantes son transportados polo aire a maior distancia e producen efectos adversos en áreas afastadas do lugar onde se produciu a emisión.

Medidas gubernamentais

En moitos países existen normas sobre a calidade do aire con respecto ás sustancias perigosas que poida conter. Estas normativas establecéronse para marcar os límites das emisións de contaminantes do aire que producen as diferentes fontes de contaminación. Sen embargo, a natureza deste problema non poderá resolverse sen un acordo internacional..

ANALÍA RAMOS REGUEIRO 1ºB